

Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O

Persoal, oposicións

*CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PRESTAR
SERVIZOS COMO AUXILIAR DE CLÍNICA*

*ANUNCIO da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos
de auxiliar de clínica na Unidade Asistencial de Drogodependencia do concello de O Porriño*

Mediante resolución de Alcaldía, número 2023-0478 de data 15/02/2023, aprobáronse as bases da selección de persoas, polo sistema de concurso, para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos de auxiliar de clínica na Unidade Asistencial de Drogodependencia do concello de O Porriño (UAD), ben por circunstancias de produción, ben por substitución de persoa traballadora ou ben por calquera outra causa prevista na lexislación vixente e segundo a causa habilitante que se produza en cada momento, de conformidade co establecido nas Bases que rexen a selección e no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, celebrándose contrato de duración determinada ata que finalice a causa que deu lugar a súa contratación.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello de O Porriño, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres (Praza da Antonio Palacios nº 1, 36400 O Porriño), ou de xeito telemático na Sede Electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO.

As Bases do proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

O Porriño, o alcalde Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 28-02-2023
Data final de exposición: 14-03-2023
O Porriño, a de de

